

ACTA Nº 6/2007 DA MESA SECTORIAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS

En Santiago de Compostela, sendo as 13:00 horas do día 1 de outubro de 2007, reúnese, en sesión ordinaria, no salón de actos nº 1 (grande) da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, a Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios coa asistencia das persoas a seguir se relacionan, segundo a orde do día que tamén se cita.

ASISTENTES:

Presidente: Victor Gallego Vincent, Subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública.

Pola Administración:

Presidencia: Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Manuela Guillán de Dios

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Beatriz Rodríguez Fraga

C. de Economía e Facenda: José Carlos Carid Fernández e María José Villaverde Gómez

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María Chas de la Calle.

C. de Innovación e Industria: José Carlos Fagín Taboada

C. de Medio Rural: Eleutino Alvarez Alvarez

C. Cultura e Deporte : Miguel Angel Ares Casal

C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Lourdes Batán Arias

C. de Traballo: Don Víctor Tubío Villar.

C. de Vivenda e Solo: José Picouto Delgado

Representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación:

CIG: Alexandre Prieto Giraldez, María A. García Cao e Alfonso Diz Diéguez

CC.OO: Pedro Méndez Gil e Emilio Doforno Guzmán

UXT: Antonio Pais Andrade e Miguel Angel Dono Gómez

CSI-CSIF: Alvaro Fernández Baamonde e José Carlos García Bouzas.

Secretaria: Raquel Souto García, xefa do servizo de xestión da Dirección xeral da Función Pública.

Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, da acta núm. 5/2007 correspondentes á sesión anterior.

Punto segundo: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A).

Punto terceiro: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (grupo B).

Punto cuarto: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

Punto quinto: Rogos e preguntas.

Punto primeiro: Lectura e aprobación se procede, da acta núm. 5/2007 correspondente á sesión anterior.

Foi lida a acta nº 5/2007, sendo aprobada coas seguintes observacións da representación da organización sindical CCOO:

- En relación co punto segundo, na páxina 3, respecto a antigüidade que se incrementa a puntuación para que supoña un maior peso na fase de concurso, e que se estableza expresamente a nota de corte.
- En relación co punto terceiro, respecto ao suposto práctico para o grupo A, que se especifiquen os bloques temáticos sobre os que versará este exercicio.

Punto segundo: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (grupo A).

O presidente da mesa sectorial manifesta que as tres convocatorias que se levan a esta mesa foron vistas nas reunións previas coas organizacións sindicais que se celebraron na Dirección Xeral da Función Pública.

*Intervén a representación da organización sindical CIG, facendo as seguintes observacións:

- Recoñecen cambios na fase de oposición, e algunha na fase de concurso pero non o consideran satisfactorio.
- Respecto á fase de concurso, consideran que a antigüidade ten pouco peso, habería que incrementar a puntuación total e a puntuación mensual en detrimento da puntuación do grao persoal e as medidas de conciliación. Están de acordo con que se puntúe de diferente xeito os servizos noutras Administracións públicas.
- En canto ao traballo desenvolvido, que se reduza o tope para que teña un peso dun 25% na puntuación total da fase de concurso; que se suba a puntuación do nivel mínimo, reducíndose os incrementos, e que a puntuación máxima se obtén co nivel máximo do posto que se poida obter por concurso.
- Polo que se refire as medidas de conciliación, que se reduza a puntuación destas medidas, e que a excedencia por coidado de familiares se puntúe neste apartado e non na antigüidade.
- Están de acordo con que se valore a formación, e solicitan que se incorporen cursos de contratos e de persoal, así como cursos de Linux, open office ou equivalentes.
- Que se puntúe o ter superada a fase de oposición da promoción interna para o mesmo grupo en convocatorias anteriores.
- Que os tribunais sexan designados por sorteo.
- Que se indique na convocatoria o prazo máximo para nomear os membros do Tribunal dende a publicación da convocatoria.
- Que a EGAP edite os temarios
- Que se permita escoller destino a quen ocupa posto aberto ao grupo superior, e que se contemple a recualificación dos postos con mantemento da localidade.
- Que se estableza expresamente na convocatoria a nota de corte dos exercicios.

- Respecto ao temario, que se elimine do tema 42 (seguridade social), “antecedentes legislativos e doutriniais. Caracteres xerais do sistema español. O modelo de seguridade social na constitución”. Do tema 43 que se elimine o apartado de prestacións, e do tema 67 o plan contable.
- En canto ao exercicios, que se reconsideren as puntuacións, o primeiro exercicio por ser máis obxectivo que o segundo debería ter un peso maior ou en todo caso que se iguale a puntuación dos dous exercicios.
- Respecto ao segundo exercicio, están de acordo con que se elimine a lectura pública e que se indique expresamente nas bases a posibilidade de facilitar a legislación.
- Que este segundo exercicio sexa tamén en galego.
- Rematan dicindo que a promoción interna está pensada para promocionar aos funcionarios que ocupan xefaturas en servizos centrais e sen cargas familiares.

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- Nas reunións previas, falouse pormenorizadamente de cada unha das propostas, polo que agora vaise resaltar o que falta e non se recolle nas convocatorias.
- Que se fixe expresamente a nota de corte na metade das preguntas.
- Que se resolle expresamente nas bases unha disposición que exima de realizar a fase de oposición aos que a superaran en convocatorias anteriores.
- Que se valore a antigüidade con independencia da Administración de orixe e que se incremente o peso específico deste concepto en relación cos outros da fase de concurso, aumentando a puntuación.
- Que se valore o ter superado exercicios das anteriores convocatorias de promoción interna para o mesmo grupo
- Respecto ás medidas de conciliación, que se inclúe a valoración da excedencia para o coidado de familiares neste apartado, e que se valoren de forma gradual.
- Respecto aos exercicios, reiteran o que alegaron na mesa anterior e que se recolle en acta, están de acordo co que o suposto práctico garda relación co traballo a realizar, pero parece prematuro o sistema, debese estudar con máis detenimento, se ben están de acordo coa garantía do anonimato suprimindo a lectura pública.

*Intervén a representación da organización sindical UXT, facendo as seguintes observacións:

- Entenden que se están planteando as mesmas cuestións que se plantearon na anterior mesa sectorial, van presentar alegacións por escrito, coas mesmas cuestións que plantearon na anterior xuntanza.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:

- Están de acordo co representante de UXT, no sentido de que na sesión anterior xa se comentou o mesmo, ratificándose no que se recolle na acta da anterior sesión, se ben están en contra da diminución da puntuación do grao persoal, e queren que os exercicios se realicen no idioma que elixa o opositor.

Punto terceiro: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia (grupo B).

*Intervén a representación da organización sindical CIG, facendo as seguintes observacións:

- Reiteran o alegado con respecto á convocatoria do grupo A, no que respecta as bases xerais.
- Respecto ao primeiro exercicio, solicitan que se acote a textos de dereito positivo como se fai para o grupo A e que no segundo exercicio se amplíe o tempo.
- En canto ao temario, solicitan a eliminación do tema 34, que foi eliminado no grupo A, e no tema 29 que se eliminen as prestacións de seguridade social.

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- Reiteran as alegacións que fixeron no punto anterior con respecto á convocatoria do grupo A
- Que o segundo exercicio sexa igual que no anterior proceso selectivo de promoción interna, e que o primeiro exercicio versara sobre textos de dereito positivo.
- Que se amplíe o tempo de realización dos exercicios.

*Intervén a representación da organización sindical UXT, facendo as seguintes observacións:

- Sinalan que van presentar alegacións por escrito, e resaltan que resulta chocante que para o grupo A o primeiro exercicio consista nun test de 50 preguntas sobre sete leis, e no grupo B nun test de 80 preguntas sobre todo o temario. Tamén sinalan que debe ampliarse o tempo de duración dos exercicios.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:

- Reiteran as alegacións que fixeron no punto anterior con respecto á convocatoria do grupo A
- Que o primeiro exercicio do grupo B, se iguale co do grupo A, no sentido de esixir lexislación positiva
- Que se amplíe o tempo de realización dos exercicios.
- Así mesmo, pregunta se se vai modificar a convocatoria de promoción interna do grupo C, que é moi diferente ás convocatorias dos outros grupos.

O Presidente da Mesa Sectorial indica que este punto corresponden ao apartado de rogos e preguntas, pero que en principio non se vai realizar ningunha modificación.

Punto cuarto: Orde do...de...de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

*Intervén a representación da organización sindical CIG, facendo as seguintes observacións:

- Que reiteran as alegacións feitas nas reunións previas
- Que se retire Lotus Notes do primeiro exercicio, e que se reconsidere o uso de paquetes de Microsoft, en troques do software libre.
- Na fase de concurso, consideran que debe incorporarse a formación como nos grupos A e B, e non están de acordo coa puntuación do grao persoal, primase en exceso o feito de ocupar un posto de nivel alto.
- Que a puntuación das medidas de conciliación se iguale ca dos grupos A e B.

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións:

- Reiteran as alegacións feitos nos puntos anteriores.
- Respecto ao Lotus Notes, consideran que sería máis apropiado facer un curso na EGAP de formación unha vez superado o proceso selectivo que un exame sobre esta aplicación, polo difícil que resulta a un aspirante dispoñer desta aplicación no seu domicilio.
- A valoración do grao persoal debe ser menor, xa que a maioría dos aspirantes ocupan postos base, e teñen consolidado o nivel mínimo.

*Intervén a representación da organización sindical UXT, facendo as seguintes observacións:

- Remítense as alegacións que presentan por escrito.
- Consideran que o tema de Lotus Notus debe ser curso de formación e non unha proba.
- Debe valorarse a formación, e se non se valora que se valore máis o apartado de antigüidade

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF, facendo as seguintes observacións:

- O Lotus Notus debe ser un curso de formación.
- Debe incluírse a valoración da formación igual que nos outros grupos.
- Consideran que a fase de concurso debe ser homoxénea en todos os grupos.
- Que as modificacións das convocatorias que se leven á Comisión de Persoal, se envíen con antelación.

Toma a palabra o Presidente da Mesa Sectorial, indicando que se enviarán con antelacións as modificacións cara á Comisión de Persoal, e que se lles citará para unha reunión previa na D. X. da Función Pública.

Punto quinto: Rogos e preguntas.

*A representación da organización sindical CIG, pregunta sobre a incidencia da reforma da Lei da Función Pública no concurso de Administración xeral, así como cando se convocará o concurso de Administración especial, e a modificación das bases da convocatoria da promoción interna do grupo C, relativo á realización do primeiro exercicio en idioma galego.

A subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal, Eduarda Varela, manifesta en relación ao concurso de Administración xeral, que está aberto ata o 15 de outubro o prazo para a presentación de certificados de emenda ou valoración de méritos, e que a reforma da Lei non ten ningunha incidencia no concurso. Respecto ao concurso de Administración especial, a medida que se vaian sacando cousas, se estudiará, sinalando que se vai sacar o concurso das escalas de consumo.

No que se refire a terceira pregunta, o Presidente da Mesa sectorial indicou que está pedido un informe á Asesoría Xurídica

*A representación da organización sindical CCOO, pregunta sobre a fase de concurso do proceso selectivo de axentes forestais.

- A subdirectora xeral de provisión de postos e selección de persoal, Eduarda Varela, sinala que rematou hai pouco o prazo para a presentación dos méritos, e que o verá.

*A representación sindical CSI-CSIF, manifesta que se teña en consideración o concurso de Administración xeral no concurso que se faga para as xefaturas de servizo, aos efectos de que os que resulten adxudicatarios dun posto poidan concursar neste último.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as trece horas e cuarenta e cinco minutos do día da data, facendo entrega a representación da organización sindical UXT dun escrito con alegacións sobre as convocatorias, que se incorpora como anexo desta acta.

Vº e praxe,

Dou fe

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Victor Gallego Vincent

Raquel Souto García